




## POLOS CAMIÑOS DE MEIRO

Fernando Otero Otero



**N**este mundo de hoxe en día, no que un se perde polos Centros Comerciais de calquera cidade, para mercar as mesmas cousas, feitas nos mesmos lugares, sempre lonxe de nós, nun mundo que chaman globalizado, e que por mor da comunicación nos obriga a consumir toda caste de produtos alimentarios, sen pararnos a cavilar no significado das explicacións que poñen nos seus envoltorios, chama a atención que nunha aldea que nunca saíra nos mapas das escolas, a alguén se lle ocorrera poñerse a facer o pan a secas, o de toda a vida, feito como foi feito sempre polos devanceiros. Pan no que non caben as explicacións que teñen os outros que se mercan nos anteditos centros. Pan de millo. De millo corvo. O millo que denantes se tiña por máis ruín, quizais por ser negro.

Do millo corvo e de todo o seu proceso, incluído o complexo e riquísimo entorno etnográfico ao que vai aparelado, xa se escribiu dabondo. Persoeiros capacitados e recoñecidos plasmaron nas follas desta revista os seus relatos, tanto que fosen científicos como divulgativos, e incluso poéticos. Todos eles caeron na conta de que o experimento valeu a pena. Como non ía a valer a, se con iso se conseguíu nada menos que unha nova xeración de rapaces puideran mirar "in situ" como os bois labraban o campo, como se empalleiraba o millo, como se moía, e en fin como saía do forno? Unha xeración máis, que algún día poderá contar como cheiraba o esterco da corte, ou como a terra se metía entre as botinas e os pés ao iren detrás do arado. Unha xeración máis que no seu léxico contará con palabras coma: rella, grade, cunca, cacarexo, cabezalla, fungueiro, artesa, empilladeira... Palabras que xa se podían dar por perdidas na nosa lingua, esa lingua que nos van debullando pouco a pouco, coma se dunha espiga de millo corvo se tratase.

A aldea que non saía nos mapas e que conseguíu esta milagre por mor do traballo dos seus veciños e o noso, un chisco quizais esquecido Meiro.

Meiro sempre foi unha aldea de paso. De paso da Portela a Ermelo. O día de Santiago todo o mundo tiña que pasar por aquí, atravesando costas e corredoiras. Porque a Meiro pásalle coma a Vigo,

todo son costas. Cada lugar da aldea ten a súa. Pola Lagarteira ou polo Montiño, por Quintáns, ou polo Regueiriño. Os veciños xa están afeitos as laxes polas que denantes chispeaban as lamias dos carros de bois, e que hoxe recubriron con piche. Costa abaixo botaban os rapaces hai cincuenta anos os carros das piñas, as carrilanas, os domingos á tardiña, dende a parte de enriba do lago Martises, seguindo por Vilariño, sen freos na curva onde moito máis tarde houbo unha das primeiras plantacións de kiwis. Pancho Moro, José o Pote, Constante de Vilas, Toñito, José da Brisa...

A aldea de Meiro ollada de lonxe, semella estar incompleta. E é verdade, fáltalle a capeliña que teñen case que tódalas aldeas. Bótase de menos unha campá a repenicar nas mañanciñas do domingo. Quizais para compensalo ten un espléndido peto de ánimas, o mellor de todo o Concello dedicado a San Antoniño. "San Antoniño dáme un homiño" que dicían as solteiras. Por certo, o santo non se mira de tan escondido que está coa porta fechada e todo. Porque é de supoñer que o santo está dentro. Por fóra sempre cheo de flores. Antes seica lle botaban tamén espigas de millo, non necesariamente corvo, xunto coa esmola de patacos e realiños. Cada un sente a devoción a súa maneira, e se coas espigas o santo respondía, moito mellor. Por outra banda, os veciños se non tiñan capela utilizaban a escola como substituta coa catequese incluída e todo quedaba na casa.

Os campos de Meiro, Escobelos, Barreiros, A Filgueira, Os Piñeiros, A Fontaiña, Os Marquiños, sempre estaban sementados e labrados. Foran xornaleiros o señor Manuel Calderilla de Quintáns, Moncho de Cuña, ou Vilas o Millado. Sempre atrás dos bois, e naturalmente tamén había casas de labranza fortes, coma a do señor Manuel de Curra.

Viñan as piñas, que abondaban, os piñeiros de San Pedro de Cangas, traían carretas de catro rodas que gardaban en Barreiro. Hai que ter en conta que a estrada aínda non estaba asfaltada. Era auténtica, enxebre. As piñas vareábanas coma se fosen olivareiros de Xaén.

Por esas datas rematando os cincuenta, a taberna máis popular, era a de señor Pancho en Quintáns. Daquela as tabernas tiñan de todo, preparaban ben as postas de bacallau fritidas, e a caldeirada de zapata ou de maruca eran o prato forte da casa. Con pemento ou sen el. Outros taberneiros eran o señor Ramón Blanco, Ramón Villar, ou o Habanero que dispoñían de xogo de chave para acompañar entre cunca e cunca.

Do que non andaban mal era de bailes, a festa gustáballes ben. O baile do Pino, estaba na última casa contra a estrada de Ermelo, a de Eulogia. Cando tocaban Os Terribles, era de medo aquilo. Tamén levaban a Delmiro, Rin Ran, e Miterio, que era coma se fosen da casa. Facían baile así mesmo na Casela na casa de Pedro o albanel, aínda que o máis popular quizais fose o da Pirica en Quintáns. Os domingos e días de festa coma San Martiño ou San Antoniño, o bailongo era sagrado. Eran bailes, nos que o remate, case que sempre había leña, se non non tiñan mérito. Coma se lles faltase algo. Había que sacarlle todo o proveito aos poucos cartos que valía a entrada.

A falta de feira ou mercado, era substituída polo chiringo que montaban os Rúa de Cela. Esta xente que tamén montaba barquilliños nas romarías, traía louza, pratos, cuncas e demais que expoñía chan da "praza", chamábanlle, e trocábano por chatarra.

Por certo que o conto custoulle unha orellada a José o Pote, cando indo costa abaixo por fronte a de Ramona, co arco de ferro, falloulle a galla, e esmendrelloulles todo o mostrario que tiñan os feirantes. Alá tivo que ir a vella a pagar a desfeita. Despois veu a orellada, naturalmente.

Foron carpinteiros de sona, o señor Lafuente, de Quintáns, Xestido que xa de vello acompañaba as Bandas de Música cando había festa no Concello, e o señor Rocha. O encanizado dos carros de bois eran unha das súas especialidades.

Aínda estaba en pé por eses anos, un castiñeiro moi coñecido que era o de José o da Tomadiña, en Casanova, ao que os rapaces cando levaban as ovellas a pastar, tirábanlle os espichos para bolear as castañas. Facíanlo por pasar o tempo, non por outra cousa. Cando non as había subían ata a pedra da Escorregadoira, por riba da Lagarteira, e botábanse aos tombos por ela abaixo. A verdade é que lle sacaban máis produto ás castañas.

Houbo unha xeración de rapaces que viñan pola Casela, escorrentando ao raposo ata o Norte a escola de D. Jacobo, e que aproveitaban a sementeira do millo para pintala godalla co gallo de teren que ir labrar. O problema viña cando o mestre se decataba que era mentira, pero esas historias xa están explicadas



*Muíño da presa*

no meu libro “De Petís á Carrasqueira”.

A modernidade chegou a Meiro cando alá polo sesenta e sete, os autobuses do Saltón, sacaron a aldea do seu illamento ao facilitarlles a comunicación coa vila. Debeu de ser algo así como a chegada a Ourense da primeira locomotora, que cantara Curros. E tamén, Como non? a industrialización, que plantou na Casela a primeira granxa de polos de todo o Concello coas novas técnicas de produción. Claro que a xente seguía a dicir que como as galiñas da casa nin falar, e non digamos os ovos.


Meiro, tanto agrícola coma mariñeira. A terra non daba para vivir, e os mozos como a maioría da contorna, metíanse no mar. Recordo entre outros a Juan Broullón, ou Chuco Barniz, que por eses mares de Deus me falaba da Pegada do Boi, ou da fonte da Lagarteita. Tamén me contaba cando no verán pola noite se axuntaban os veciños no río da Golvada, por mor de repartir a auga para os campos, mentres o bichocabra berraba dende a fondura dos eucaliptos.

Quen non se lembra xa nos anos setenta, das papatorias do bar Barniz, cando o cheiro da tixolada de gambas ou luras, mesturado co do viño catalán roxo, que ía cambiando de tonalidade, chegaban case ás primeiras casas da Portela? Cantas esmorgas se teñen feito aproveitando algunha despedida de

solteiro!, mentres Lino o Pote rebentaba a soprar pola palleta da gaita.

Os mozos dos noventa, cos aires dos novos tempos motorizáronse. As motos de diferentes potencias substituíron a aqueles carros das piñas que baixaban sen freos por Vilariño. Ollo que a estes cando chegaban ao entronque da estrada xeral de Bueu a Cangas, todos xuntos fungando a todo meter, había que lles ter medo. Correr non correrían moito, pero ruído facían dabondo.

Meiro segue a furar para adiante. Sempre tranquilo mentres o sol da tarde reflíctese nos vidros das súas casas. O cuco volta tódolos anos a cantar pola primavera contra Ermelo. Se non en todos, nalgúns campos no mes de Agosto o pendón do millo apunta ao ceo. De acordo que aínda non teñen capela, pero San Antoniño non avulta moito e cabe ben no peto, onde de seguro que no lle faltan flores. No verán igual que hai cincuenta anos, os veciños tratan de controlar o teixugo, aínda que dende hai un tempo atopanse tamén co problema engadido do xabarán. Os mesmos veciños que con ese esforzo colectivo, fan que as historias que nos imaxinábamos xa perdidas na noite do tempo, sigan en pé, e que grazas a eles poidamos oír de novo o “monótono fungar” do muíño. Que sexa por moitos anos.



*Peto de San Antoniño*